

# A NOSA TERRA

Idearium da «Irmandade da Fala» na Galiza e nas colonias  
d'América e Portugal

ANO MCMXXI



## SUMARIO

Seipan os lectores.—Nazonalización da cultura, por Paz d'Andrade.—  
Verbas axeitadas.—Novas da causa.—Sintese electoral.—Divaga-  
cións lingüísticas, por Johan Viqueira.—Irlanda!, versos de Cabanillas.—  
A nosa lingua vai impóndose.—O despertamento dos pobos célticos,  
por Vicente Risco.—Carta interesante, de Alexandre de Córdova.—De Pe-  
layo Brís a Federico Mistral.—Portugal na Península.—Ao Mariscal  
Pardo de Cela, versos de Ubaldo Landín. A rexionalización de Francia.  
A «Voz» chochea.—Lixeirezas d'Ortega Gasset.—Julio Dantas.—Ro-  
bustiano Faginas.—Follas Novas (libros e revistas).—Galizia honrada no  
estranxeiro..., por A. Villar Ponte.—Poemas sinxelos, por Correa Calderón.

PREZOS DE SUSCRIZON: Na Cruña, ô mes, 40 ctmos.; Fora, trimestre, 1'50 ptas.  
América, trimestre, 2 ptas.; Coste d'un número, 15 ctmos.—Pagos adiantados

Redaición e Administración: Praza María Pita, 17, baixos, CRUÑA

Camisería, Corbatería  
e Guantería

**Enrique Roca**

REAL, 28-A CRUÑA

**NOVELTY**  
PLANCHADEIRO DE MODA  
**GRANDES TALLERES**

DE LAVADO E PRANCHADO DE ROUPA NOVA E DE USO

Despachos centraes: A CRUÑA, Cantón Pequeno 12  
VIGO, Praza da Constitución, 12

Sucursaes na Cruña: Estreita de San Andrés, 12  
Praza de Azcárraga, 4-San Agustín, 22

Sucursal en Vigo: Circo núm. 5

Todal-as nosas sucursaes ostentan un letreiro como sinal, que reproduce a marca de garantía xa coñecida.

Recíbense encargosde fora, y-espídense por meio das nosas sucursaes. Si no lugar onde vostede reside non-a hay, sírvase manifestarnos seus desexos de mandárenos os seus encargos,

Os viños e coñás millores  
son os que se porta a casa PEDRO DOMEQ de Xerez Fronteira, fundada en 1734. A casa máis antiga de Xerez.

O vermouh máis selecto  
de mundial e reconocida sona é o Cinzano (Torino).

Pra viños de mesa  
non hai outros com'os dos cosecheiros esportadores señores

**R. López de Heredia (Haro)**

Casa Central: PLAZA DA EQUITATIVA-MADRID

Representante esclusivo (matriculado) de todas istas marcas:

**JOSÉ C. JUNCOSA**

Galera 39 e 41 - 2.º piso-A Cruña

**PAULINO FREIRE**

BOUZAS-VIGO

Sucursaes: en CRUÑA--FERROL

Redes d'algodón pra tarrafa.

Aparellos, armados e en panos, pra barcos  
pesqueiros'

Malletas de abacá e cáñamo alquitranado.

Cables de aceiro, ingleses.

Aceites mineraes e vexetaes, e surtido  
compreto pra maquinaria e pesca.

—= Santa Lucía, 26 e 28 - A CRUÑA =—

**"Patente-Salvavidas"**

O millor pra pintar os fondos dos barcos. Ganou Diroma de Honore, Gran premio e medalla de ouro nas Exposicións de París-Londres.

REPRESENTANTE

**F. Bertran e Mirambell**

VIGO-CRUÑA

**O Café Novo**

Urzáiz, II--BAYONA

**O DIPUTADO POR VEIRAMAR**

Novela de Gonzalo López Abente

Esta interesante e modernísima novela en idioma galego, está posta a venda nas principais librerías de Galicia.

**PRECIO: 3 REAS**

Véndese—Na Cruña, Administración «A Nosa Terra», e Irmandade da Fala.—Ferrol, Librería de Comadira e de Gerardo Castro, en Lugo.

**La Modernista**  
GRAN SALON DE BARBERÍA

DE

RAMOS E ACHA

San Andrés, 94-1.º—A Cruña

Establecemento de primeiro orde, dotado de estufa de desinfección e todol-os aparatos hixiénicos. Especialidad en lavados de cabeza, locíos e friciós de todas clases.

NOTA: N'este establecemento atopará o público un servizo permanente a cargo dos seus propietarios, antigos dependentes das máis importantes peluquerías d'esta capital.

# A NOSA TERRA

BOLETÍN QUINCENAL

ANO V—NÚMERO 133—1 FEBREIRO 1921

## Seipan os leitores...

Despois d'un mes de silencio a que nos obrigou fatalmente a doenza sufrida pol-o rexente dos talleres tipográficos onde "A Nosa Terra" viña imprentándose, voltamos á loita, ó apostolado, a sementeira d'ideaes.

Leva catro anos a feito, saíndo á pubricidade este boletín, que tivo que resistire as horas menos doadas para os traballos imprentados—as da guerra e da post-guerra—colleitando sempre maor número de lectores. Inda hoxe resulta difícil abondo soste boletís e revistas, pol-a imensa careza do papel.

Con todo, "A Nosa Terra", que xa conta c'un núcleo de amigos na Galizia, en Portual, Cataluña i-as Américas, non pode desaparecer e non desaparecerá. Eso quixeran os cativos galegos desleigados, os galleguíños sen alma propia, os caciques e seus adutores i-os centralistas inconscientes, que son incapaces d'ergueren o pensamento por cima dos logares comúns froito da rutina seculare...

Deixou de saire ao longo de un mes "A Nosa Terra" por mor de circunstancias alleas á vontade

dos que a redactan, dirixen e administran. Os nosos lectores e amigos, que non son os lectores e amigos de calquer crás de xornal, senon lectores e amigos do enxebre, espíritos patriotas e escolleitos, saberán disimulare o silencio forzoso en que caímos, emprestandonos, hoxe millor que nunca, a sua axuda para esta labor galeguizadora que "A Nosa Terra" ven facendo e tenciona seguir, cada vez con mais azos.

Pasa, polas nosas contas, de seis milleiros de persoas o núcleo de lectores d'este boletín. Por isto qu'é elocuentísimo, pódese xuzgar da fonda trascendencia qui ten o sostenimento de "A Nosa Terra". E por isto, tamén, han pensal-os industriaes e comerciantes si lles convén ou non favorecernos c'os seus anuncios.

"A Nosa Terra" está onde estaba. E comenza as tarefas do ano 1921 saudando con moito amore i-agarimo a todol-os irmáns na grande obra de facer una pátria ceibe d'un país d'escravos moeraes.

### Nazonalización da cultura

## Galizia e-a Universidade de Compostela

Deantes de pensare en redimire a Galizia das servidumes políticas, témonos que por en camiño prá reconquista dos nosos valores esperituaes. Compre urxentemente liberar a cultura galega da-xibosas deformacións a que teñena condenada as violenzas alleas. O pensamento i-o sentimento han percorrer regos paralelos. Reconquerido o noso poder espiritual axiña recobraremos o poder temporal. Esta fundamental obra débese escomenrarse rescutando pra Galizia a posesión das fontes da sua vida mental, ou sexa, nazonalizando a produción das ensinanzas profesioal-artísticas. N'esta dirección temos que canalizare a vontade d'aición i-os impetos da loita, e, com'a Universidade e forxa das almas mozas nas que Galizia ten posto seus ollos de nay; como e loxa, inda que apobrido e caducante, o viveiro dos futuros homes dirixentes, a Universidade terá de constituirse un dos oxe-tivos preferentes d'actividade galeguizadora.

U nha Universidade, a mais da misión estreita que lle com-pre n'orde a formaceón académica profesioal, e da misión abstrata do rebusco e laboración da verdade centica, ten a outa función sociale de colaborar, dirixindo, na creación da cultura propia e xeral do país. Mais a Universidade de Santiago deixa incumpridas, senón todas, cando menos a derradeira das finalidás asiñaladas. Lonxe de se manter encorporada a vida do pobo, o úneco froito real do seu traballo docente fica reducido a eisportaceón de médicos a Castela i-a tallare abogaños trapaceiros ent cerne de cacique. Da friaxe das aulas universitareas fai tempo que emigróu a y-alma de Galizia e qué voaron, c-o ela, as aveslus do pensamento. A sua zona d'infruxo cultural non s'estende fora dos murallós da sombriza Compostela. Soilo estirricando a xenerosidade poideramos ampliarse o hourizonte espirituaal da Universidade até o circo que maxinariamente se desquibirar,

tocando no Pico Sagro, nas Torres d'Iria e no Cruceiro de Monte Pedroso. Porque, úlos movementos de novas ideas que late-xan ao redor da Universidade santiaguesa? Ulas manifestacións centíficas, económicas, literarias ou artísticas que se callan ao calore da sús cátedras? En cantas empresas do pobo galego, que non sexan as da polítea de rúa e adro, se deixa sentire o peso dos directores oficiais dos nosos insiños chamados superiores? Non nos é, pois, doado en lóxica, considerare galega a unha Universidade incomunicada con Galizia, siquera esteña en correspondenza dreita alternada con Lourizán, e con Madrid.

**T**en a Universidade carate puramente local. E com'un reflexo da vella Compostela i-esta unha imaxe moral amprificada da sua Universidade. Unha i-outra confúndense en dobre xuntoiro prá soste en pé o pior dos caciquismos que pode sufrir unha raza: o caciquismo da cultura. A Universidade é unha concreción, carnal e mental, do ambiente da cidade das somas, preñado de trasuntos feudaes, sobreviventes por comenencia d'un fato de prestixios decorativos, orixinados d'unha descoñecida e insospitada valoración intelectual ou sociale, herdados e transmitidos pol-a lei do sangue, suprema lei de sucesión a todo linaxe de prebendas laicas. N'aquelas retortas rúas, n'aquelas clautras escuras e revellidas, no silencio das aulas mortas é donde toda xenerosa rebeldia, donde toda inqueda das almas son esnaqueizadas cal cousas protervas, dinas de que voltaran a lamparexar ánxentamente, poboando o desolamento das prazas públicas, as insentente, poboando o desolamento das prazas públicas, as fogueiras dos autos de fé.

**P**rô a Universidade, fosilizada d'ise xeito n'estático e cativo localismo, somella agora n'aparencia sentirse infruida pol-a suxestiu poderosa e vasallante dos tempos novos. Parez que escomenzan a se debuxare n'ela síntomas d'enmenda, tentativas d'aprosimación, débiles insinuacións encamiñadas a reconciliare a Universidade con Galizia. Non pode ter outro significado impricito o reitoral chamamento dirixido ós ex-alunos prá creación d'unha «Asociación de Amigos de la Universidad Gallega» (iii), exposto primeiro ant'os postres d'un d'ises banquetes arranzados pol-o servilismo i-a cuqueria d'os candidatos ao probado; dimpois n'unha conferencia donde a pompa do recramo e do ceremonial, facendo coro ó engolamento do verbo, non consegu no disimulare a incomparancia das ideas, e, derradeiramente, no diario galego do ma's saivo abo'engo caciquil. Por outra banda, non pares tamen obedecer a ise mesmo afán de remanquear prestixios ben perdidos o anuncio do viaxe a-o noso liman Portugal d'unha misión universitaria, na que han figurare algúns dos sabios compretelás de R. U.?

Mais a trama esta descuberta. Somellantes ánceativas nascen xa predestinadas ao fracaso, inda que veñan moi douradas en purpurinas retóricas. Porque, na Galizia a Universidade non pode ter «amigos», nin pode erguerse licitamente diante ninguen co cetro espiritual do pobo galego:

«Namentras o seu claustro sexa un feudo asinado n'unsufruto vitalicio a duas familias medradas á soma de políticos e duques.»

Namentras gobernen algunhas das suas cátedras profesores colados de maute, goretadores fonográficos de varias monsergas, xurídicas, ou de teorías médicas xubiladas fai un século en todo o mundo.

Namentras ós poucos caustales independentes e sabidos se lles negue feramente o acceso ós cárrgos de xurisdición académica, reservados prá adornare a vanidá de certas meiocidades cursis que, chegado o trance, saben abandoar o exercicio do seu suposto maxisterio pol-a posesión de unha acta ou o mando d'unha provincia.

Namentras as matriculas d'honore i-os premios extraordinarios constituan unha vinculación a proveito dos fillos de categráticos, i-as auxiliares, axudantías de biblioteka, etc. s'acaparen n'escandaloso reparto antre vástagos d'igual ascendencia.

Namentras as bibliotecas universitarias permanezan pechadas as áncas horas do día nas que lle sería doado frecuentalas a estudeantes i-obreiros, e da biblioteka xeneral fallen até as obras d'autores galegos, incluso as de Rosalia, e se lle negue a entrada ós libros dos modernos pensadores d'Europa i-América, en troques d'adquirirse puntualmente os sainetes dos Quintero.

Namentras da Universidade salian licenciados sen ter saudado a lingua e literatura galega—portuguesa, nin o noso dreito foral, nin a Estoria do Reino de Galizia.

«Namentras a Universidade de Compostela non sexa a Universidade de Galizia.»

V. PAZ D'ANDRADE.

## VERBAS AXEITADAS

*Dato é a cortesia mais cinica. unida á vontade mais debil, postas ao borde do sepulcro.*

*Bugallal ten o espirito d'un cacique rural de campanario, co'a mentalidade d'un segredario de concello aldean.*

GOICOECHEA.

## A "VOZ" CHOCEA

*A «Voz de Galicia», xornal cada vez mais caciquil é mais antigaleguista, publicou, fai pouco, unhos versos moi cursis de Lois de Tapia, sobr'o nanfraxio do «Santa Isabel».*

*E dicia como prólogo: «El galleguísimo Luis de Tapia...»*

*Galleguísimo, Luis de Tapia, este copreiro madrileño, que nunca estivo na nosa Terra...*

*Eist é todo o da «Vos: ou parvadas, ou andómenas.*

*A «Voz» xa é unha vella chocha. Y-a vellez ia morte son veciñas.*

## LIXEIREZAS D'ORTEGA GASSET

*José Ortega Gasset ven publicando no folletón de «El Sol» un traballo sobre os nazionalismos ibéricos.*

*Para él o nazionalismo galego non existe. Somentes existen o basco e o catalán.*

*Mas, adiante co'a sua ñoranza...*

*O pior é que, falando de Galizia, di que é unha rexión probe Señor Ortega Gasset, non hai dreito a pôr cátedra acerca do que se descoñece.*

*Galizia é do mais rico da Peninsula, naturalmente. A nosa pobreza i-o noso atraso—probeza i-atraso relativos, si se comparán cos da maioría das rexións ibéricas—só se lles deben o centralismo.*

*O Arancel, favorecedor do industrialismo catalán e basco e dos trigueiros castelans, é causante de que parezamos probes.*

*Cando se fala d'un problema sen coñecelo, faise sempre o ridículo.*

## NOVAS DA CAUSA

A «Irmandade da Fala» da Cruña acordou iniciar un homenaxe as tres heróicas rapaciñas de Sálvora, Josefá Parada, de 25 anos, Cipriana Oujo, de 16 e Maria Fernández, de 14, que n'unha pequerrecha dorna, espóndose a unha morte segura, desafiaron o temporal, andando e desandando tres veces perto de duas millas, para salvaren d'afogamento a moitos náufragos do «Santa Isabel».

A iniciativa da «Irmandade», sempre atenta a esaltar os valores da Terra, vai por bó camiño.

\*\*\*

Na notabre Esposición de paisaxes galegos que no «foyer» do «Teatro Renacemento», do Ferrol, ten aberta Imeldo Corral, dou noso irmán Xaime Qutntanilla unha fermosa conferencia sobre do «Saudosismo e o idealismo» na lingua pátria.

Fixo outra conferencia para a mesma Esposición, outro irmán noso, Antón Vilar Ponte.

\*\*\*

O inspiradísimo poeta Victoriano Taibo, dou en Cariño (Ortigueira) unha luminosa conferencia respecto ô Nazionalismo.

Tamén escribiu patrióticos artigos anticaciquís, n'un boletín da vida ortigueiresa.

\*\*\*

En Bayona constituíuse unha «Mocidade Galeguista» da que é primeiro conselleiro noso irmán Xosé Rodríguez de Vicente.

Ista «Mocidade», da que agardamos moito, o mesmo que a de Vigo, que perside o Sr. Soto Valenzuela, merecen o aloumiño de todol-os bós galegos.

\*\*\*

Vénse traballando para a organización da III Asambrea Nazionalista, que haberá de s'axuntar en Vigo axiña.

Publicarase por adiantado o cuestionario de temas a discutire.

\*\*\*

O irmán Ramón Vilar Ponte, romatou d'escrevire o orixinal d'un folleto nazionalista que presto terá de se editare c'un prólogo do Presidente da Mancomunidade catalana Puig e Cadafall.

## Síntese electoral

O partido do parvo Marqués do Espliego, d'ese probe home, xenro de Monteiro Ríos, que se chama Manoeliño García Prieto, e ten un espírito de manteigada d'Astorga, vai de tumbo en tumbo na nosa Terra. Axina ficará en lembranza vergoñosa.

Nas derradeiras eleccións foi botado da provincia de Lugo. En Santiago escorrentáronno o mesmo da representación en Cortes que dá representación universitaria. Aquel povo que todos chamaban a Meca do monteirismo, tivo un xeito digno. Somentes compre, para coroar a obra ali: derrubar a «palmatoria de Benlliure» da praza do Hospital.

En Ferrol, sofreu outra derrota moral. E ficará esnaquizado totalmente nas novas eleccións xeneraes. En Negreira-Muros, saíu derrotado para sempre. Reino Caamaño, o cursi, levou boa zoupada.

O gassetismo, asimade, vaise batendo tamen en retirada. O riestrismo tivo que deixar a Cambados, e axiña deixará tamén a Estrada e Redondela.

O bugallalismo noxento, con Carballiño cáseque per-

dido, na mesma capital sofreu boa mágoa. Os agrarios amostráronlle os dentes. Sintoma admirábel.

Pero o mais ridículo das derradeiras eleccións foi Vázquez de Mella, o fósil. Prestóuse a ser tapadeira do gassetismo, causante da traxedia de Nebra, que cubizaba reconquerir o destrito de Arzúa para si, e levóu un axe. O prestixioso Mella ficou composto e sin... acta.

Non percisamos dicire que a derrota do cursi Goicoechea en Monforte causounos ledicia inda que o Sabucedo, seu rival, parézanos un cunheiro un pouco menos cunheiro que o maurista.

Adrede deixamos para o derradeiro as dúas vergoñas maiores que se teñen rexistrado na nosa Terra. A de tolerar que saise o sobriño de García Prieto, Gullón, deputado a Cortes pol-o artigo 29, na Cruña, na cidade que se chama a capital de Galizia, i-a de ver procrámado representante d'Ortigueira ó novo xenro do Marqués do Espliego.

Inda tendo visto tantas cousas fedentas na política galega, nunca, en ningures, coidamos que poideran darse casos com'o de Gullón i-o de Albert. Son casos de suprema degradación moral, de supremo apodrecimento da cidadanía.

A Cruña, c'o dito, demostrou que é un cadáver espiritual. Ortigueira que é un territorio d'esclavos.

Con todo, coidamos que Galizia non ha tardar moito en se redimire politicamente.

## Divagaciós lingüísticas

Propóño-me n'esta sección falar un pouco da gramática; mais d'un xeito ameno e popular. Fago esto porque coido que chegou o tempo de reflexionar sobre do noso idioma p'ra falarnos e escribirmos o mellor que poidamos.

I

### NOSCO - VOSCO

Como moitas veces empréganse mal **Nosco** e **Vosco**, convén ter en conta o que sinifican estas palabras e o modo de as usar. Consideramos primeiramente **Nosco** e vejamos cando se pode empregar debidamente. Está ben a serie:

Nos  
de Nos  
a, para Nos

por, tras, junto a Nos; con Nos ou **Con Nosco** equivale sempre a **Con Nos**.

Igualmente lle sucede a **Vosco**. Así teremos:

Vos  
de Vos  
a, para Vos

por, tras, junto etc. Vos; **Con Vos** ou **Con Vosco** ou seja **Con Vosco** equival sempre a **Con Vos**.

A razón do anterior é que **Nosco** e **Vosco** son compostos latinos (deformados) de **Nos** e **Vos** e a palabra **Cum** que sinifica **con** a que se convirtiu na sílaba **co** en que rematan **Nosco** e **Vosco**. Efeitivamente, en portugués literario e n'os nosos crásicos di-se samente: **Con Nosco** o **Con Vosco**.

**Nosco imos, Vosco ides, para nosco, contra vosco** e locucións análogas se non deben empregar nunca no noso idioma.

JOHÁN VIQUEIRA

## Irlanda!

## A nosa língua vai impóndose

¡Irmanciña adourada  
que pasachel-o mar!  
¡Antre a brétema, o tanguido  
da campaña de San Patricio zoando vai!  
¡Carne, sangue, hosos celtas!  
¡Irlanda! ¡Irlanda irmán!  
¡Ten unha nova estrela o noso ceo  
e ten uns santos novos noso altar!  
Chegón o teu berro  
ós cons de Fisterre que baten o mar  
e abréu o teu laio, salouco e ruxido,  
as vellas feridas do vello Breogán...  
¡xa está cheo de sangue bermello  
o cáiz do San Graal!  
¡Irmanciña adourada  
que pasachel-o mar!  
A lanza grotijosa dos feitos heroicos e os sagros misterios,  
en alto... afiada... na man!

R. CABANILLAS.

O «Servizo da sección de Letras da Universidade de Santiago» comenzo dare un cursillo d'insino de língua e literatura galega», n'aquei centro docente.

As leicións son públicas, para quen queira, e fanse dos días da semana, ás seis do serán.

Parecenos moi ben isto; inda que se poida tratar d'unha labor voutaria cuio obxeto seña conquistar unha acumulación de cátedras mais adiante.

Másime cando o Sr. Cotarelo non é Galego.

Este mesmo catedrático ven, según din, facendo seu discurso d'ingreso na Academia Gallega, sobre o «Cura de Fruime», persoa-lidade santiaguesa que inda non ten o nome en nengunha rúa daquela cidade, pesi-a que nós falamos d'ilo moitas veces.

¡Se o señor Cotarelo fixera na nosa língua o discurso académico! Domina o galego, e pol-o mesmo quizais lle fose doado. Xa que vai propagal-o noso idioma, que predique c'o exempro.

Moito llo agradecerían os bós e xenerosos.

Tamén o catedrático e querido irmán Vicente Risco, ven dando leicións de galego á mocidade nacionalista d'Ourense. Y outro catedrático, Viqueira, ós lectores d'este boletín.

Todo prova que as «Irmaduras» renden o seu froito de xeito espreñdo, sen tréngolas nen acougos preguizosos.

## O Despertamento dos Pobos célticos e o porvir da Europa

A pouco qu'un lea os boletís estranxeiros, decátas axiña de que o nacionalismo galego non é un feito isolado, nin tan xiquera un feito pensuar, que se produza somentes coma un eco do nacionalismo catalán, ou do nacionalismo vasco, ou da volta dos portugueses intelixentes e sabidas ás súas tradicións étnicas—senon que responde a un movemento xeneral que coñece toda a actualidade europea e moi singularmentes, ven a coincidir c'un forte despertamento das arelas de recostitución e liberación nacional dos países célticos.

Na Europa Central y-Oriental, son as nacionalidades eslavas liberadas pola desfeita do xermanismo e mais do zarismo, algunha delas coma Rusia, chegando nas condicións mais desfavorables que poidan ser maxinadas, a realizar un esforzo verdadeiramente serio de creación...

—Y—eiqui, un Parétese: (De que as creacións da República dos Soviets, das que nos falan Wells, Zinovieff, Gorki e Alexandre Axelrod, son debidas, non ó bolchevismo, senon ó esforzo nacional do pobo ruso, a min non me colla d'uda ningunha. Inda qu'en non creio que o bolchevismo sexa sinxelamente o Manifesto Comunista de Marx e nada mais—coma me decía unha vez en Vigo un amigo meu, comunista—senon algo mais fecundo, eu asegúrovos, en nome de ciencia estórica, que non é o bolchevismo a que fixo á Rusia d'hoxe, senon que foi a Rusia de sempre a que creou o bolchevismo. As doutrinas non son mais que carantas d'entroido coas que disfrazan as enerxías étnicas dos pobos pra mudar de postura e pra triunfar... Pr'ós que saben ollar, o bolchevismo resólvese en nacionalismo ruso, ou en paneslavismo.

Na Europa Occidental son as nacionalidades célticas a s'espertaren d'un longo sono. Pirmeiro foi a endexamais domada Irlanda, a irmá mais que heroica, mais que santa... (Y—él terán aliñeiro d'abondo pra soste a loita, os irlandeses?... Y—ademais dos que recollen nenos austriacos, ou de Rofinto, non habería familias piedosas que recolleran os filliños orfos dos «unn-feiners», asesinados polos «black and tan»?... A Inglaterra seica quer, antes de qu'Irlanda se l'escape, arrasala de todo, deixala erma, fumegante, enlamada en sangue...).

Irlanda pide a independencia, Bretaña pide moito menos, pero tamén el s'esperta o sentimento nacional... Tamén Bretaña zverteu outrora o seu sangue pol-a defensa dos seus dereitos de nación na batalla «Chouartre». Fixéronse «tipiticos» ó vulgo, porque defendían—dín eles—o antigo réxime. Esta é unha de tantas pamemadas postas en circulación polos estoriadores superficiais. Tamén ós vascos e mais ós navarrós se lles botou na cara de teren defendido a don Carlos, e mais á reuación... Mais todol-os estoriadores sen «parti-pris» saben ben que si

elien tal fixeron, foi pol-a defensa dos seus «fueros», contra dos qu'atentaban os gobernos liberás. Non era nin lexitimismo nin reuacionarismo: era o espírito nacional... Igoal nos bretós que se revoltaron contra da República francesa «unha e indivisibel».

Pois ben, volve a s'espertar nos bretós o sentimento nacional, y-esperta d'abondo pra qu'haxa xa en Francia unha «Questión Bretonne» á que derradeiramente dedicaba un artigo M. Georges Lizerand en «La Gran Revue»... Moitos dos antigos Estados da Coroa de Francia veñen sentindo a mesma necesidá de mirar pol-a súa vida propia sorbida polo centralismo parisiense. Por eixempro, a Provenza: M. Ambroise Vollard, no seu libro sobre Paul Cezanne, publicado o ano pasado, apunta estes feitos sinificativos: «Constatai, non sen sorpresa, qu'o mais belo ornamento de praza—en Aix—a estatua do Rei Renato, estaba lixada de negro. Eu atribuía esta ruindade os republicanos da vila mais logo soupen que foar un enrabechado rexionalista que lle vertera un tinteiro na testa do antigo soberano de Provenza, pr'ó castigar de ter deixado morrer os Estados sen protección contra das cobizas do Rei de Francia. E soupen, coa mesma ocasión, que coma protesta contra da incorporación da Provenza á Francia, a vella nobrez d'Aix gardábase coidadosamente de toda comunicación cos «estranxeiros»; dando lles iste nome a toda persoa nascida mais aló d'Avignon».

Mais, voltemos á Bretaña. No derradeiro número de «La Revue de l'Epoque» coméntase un artigo de M.M.S. Henriot: «Sur las conditions d'une littérature bretonne», publicado na «Revue de l'Ouest», de nome ben suxestivo. M. Henriot, fortemente nutrido das ideas, no meu xuízo inatacables, de Taine sobre a influencia do medio coma determinante de todol-os fenómenos sociais, pra el, o desenvolvemento d'unha literatura bretaña depende da eclesión do sentimento nacionalista na Bretaña, ed'un réxime político autonómico pra ela.

«Namentras qu'a Bretaña,—di—non sexa unha Provincia vivente d'unha vida propia e forte—namentras qu'os Bretós non teñan un potente sentimento nacional e autonómico—non existirá verdadeira literatura bretaña».

Pra el, coma pra nós, a obra d'arte ten un fin nacional e mistico que ha faguer d'ela o signo real de sobrevivencia d'un pobo.

«Unha língua—añide—non ten a súa razón de ser mais que na vida en sociedade; mais eiqui ela tena tala. Pra perfección do corpo social, escalón por escalón, ela é d'algún xeito a pofedura en común das intelixencias individuais; ela

é a "socialización" da intelixencia: que se me perdoe a verba e que se comprenda a cousa".

"Eu diría outro tanto da literatura que é a súa mais perfecta eclosión: ela é unha función social, e débese rechazar o calificativo de literaria".

Todalas obxeccións de Louis Richard Monnet, autor do "compte-rendu" de "La Revue de l'Époue", contra das ideas de M. Henriot, redúcense a que a Francia ten recollido toda a tradición céltica, tena asimilada, de xeito que o xenio céltico é o xenio da Francia hoxe en día, de modo e de maneira que o que dí M. Henriot estaría moi ben dito, si en troques de falar pola Bretaña, falara pola Francia... Mais pra que a obxección tivera valor, cumpría que M. Monnet nos houbera demostrado que os pobos célticos, nin produciron nin poden aínda producir mais do que aquilo que a Francia recolleu, asimilou e puxo en coñecemento do mundo; é decir: que os pobos célticos esgotáronse pra crear a Francia. Y esto fica sen demostración...

A idea de ter a Francia recollido e desenvolvido o heredamento espiritual dos pobos célticos foi esposta repetidas veces polo noso amigo, o eminente Phileas Lebesgue. Lembrome agora d'unha conferencia feita por el en Rouen, en 1910, y-agora, ó cabo de dez anos, n'un artigo de "La Douce France", ond'espon outras ideas que non penso deixar sen comentario...

En realidade, non somos nós, os galegos, os mais doados pra desfacer este erro. Arredado moi ceño dos outros pobos célticos, as derradeiras creacións da cultura dos homes da nosa raza, chegaron a nós—ó menos polo que podemos sacar do estado actual dos nosos coñecementos sobre do asunto, y-agá: de que as nosas comunicacións coa Irlanda non haxan sido en toda Edade Media, como quer Murguia, moito mais importantes do que se pensa—por entremedio dos franceses, os verdadeiros civilizadores da Galicia nos tempos medios... Mais apesares d'iso, podemos asegurar que hai moitas mais cousas no celtismo das que d'el colleu a cultura francesa, e tamén había moito e moito do celtismo en nós, os galegos, que cecais era estraño ós franceses que nos trouxeron o espírito da Taboa Redonda, si e que foron eles os que nol-o trouxeron...

Todo esto tíñase que tratar moi longo... e tratarase si Deus quer.

O feito é que a Bretaña espértase, coma s'esperta Galicia, com'esperta Portugal. O feito é que se nota un rebulir en todos os pobos d'orixe céltica, que á forza ten que ter unha causa fonda, y-unha finalidade na estoria futura. Quebrantádos os Estados artificiais por tremends crisis interiores, os grupos naturais, as nacionalidades, erguen a testa reclamando os seus dereitos detentados: queren ser elas as que escriban a estoria, e non os poderes abusivos que as suplantaron.

Ora, dous grupos de pobos vansen ceais a ergueren frent'a frente: os eslavos no Oriente, os celtas no Occidente... Cecais moi logo, deixará de se falar dos latinos e dos xermanos. A civilización mediterránea terá rematado o seu circo estórico e d'un lado e d'outro ergueranse verbas novas e duas concepcións da vida inéditas aínda, mais que virán elaboradas por unha longa tradición, virán a se confrontaren, com'outrora a concepción xermánica y-a concepción latina... A ley do equilibrio esixe, que cando d'un lado s'ergue un gran poder, ten que s'erguer outro do outro lado pra contrarrestalo. Ninguén será cego pra negal-o gran poder que s'está erguendo, coa Rusia no Oriente. No Occidente compre outro. Ora, somentes os celtas poden hoxe creal-o novo mundo occidental...

O gran poder que s'erga por frente do eslavismo, ceais vai ser a futura civilización dos pobos Célticos.

VICENTE RISCO.

#### CARTA INTERESANTE

## Alexandre de Córdoba a Vicente Risco

Excmo Señor e meu ilustre camarada.

Sen presentación de qualquer natureza en venho dirigir-me a vós. É que eu penso que entre Artistas e Poetas se escusam as chamadas réguas de cortezía, e máormente quando sao de ao pé da porta. O movemento intelectual e artístico galego tem despertado na mo-

cedade lusitana um justificado interesse. E asim os Nóvos de Portugal (entre os quaes se encontra este humilde cultór das Muzas) tem se dado, d'alma ardente de entusiasmo, ao estudo dos Artistas e á lectura dos Literatos da Galiza—e não têm sido de ánimo leve o tempo passado pelas paginas doiradas e enternecidas de Rosalia Castro, a mais alta poetisa lírica de toda a Iberia, senão de toda a Europa, como lhe chama o noso altísimo Teixeira de Pascoaes.—E bem se senten nos seus verosos d'ouro cantar, saudosamente, a Alma Galéga, numa comovida expressão de prece, numa suavidade mística de tarde outonal... —a grande Alma da Raza Galéga que óra accorda para os mais altos e profundos Destínos!

Dos moços, dos generosos moços que, con vós, tem dado de sazón:adamente e heroicamente o melhor das suas energias creadoras por uma nóva Galiza Livre, senhora das suas vontades, e com personalidade jurídica entre as demais nações da Iberia—d'esses Nóvos intelectuaes e artistas alguma coisa conhecemos ja, de onde nasceu a nosa admiração pelo seu talento e uma profunda simpatía e grande interesse pelo alto espírito patriótico que orienta o actual movemento galégo. Essa ação nacionalista da «Irmandade da Fala» chegou até nós pela vossa bela revista «A NOSA TERRA». Ora uma vez scientes da grandeza d'esse nóbre movemento que tão claramente demostra as grandes energias da vossa Raça, um grupo de Nóvos intelectuaes e Artistas portuguezes, admiradores da Galiza d'Hoje, d'essa Galiza dos soláos e das zimas de Rosalia e Cabanillas. Era nossa intenção enviar alguém d'aqui do Porto a Compostela ou a outra cidade fronteiriça previamente determinada, para melhor nos entendermos no estreitamento de relações literarias e artisticas entre os dois Paizes, ou melhor entre as duas Raças atlánticas.

Resta-nos, porem, saber do que pensan os nossos vinhos, se se estão dispostos a procurar estreitar, num forte amplexo de sincero amor fraterno, as duas Raças Atlánticas para maior grandeza das duas grandes Nacionalidades irmãs.

Com os meus respeitossos cumprimentos a toda a Redação de «A NOSA TERRA», a certeza da minha admiração pessoal.

ALEXANDRE DE CORDOBA.

Oficial do Exército Português.

## De Pelayo Bris a Federico Mistral

Si't dinhen que ta llengua es aspre y poch parlata,  
Si't dinhen que ta lira den en francés cantar,  
Respónlos ¡ho poeta!: La llengua menus preada  
L'alé d'un gení sobra, per ferla respectar.

Si che din qu'a tua lingüa é aspra e pouco falada,  
Si che din qu'a tua lira debe en francés cantare,  
Respóndelles ¡poeta! qu'a lingüa menospreciada  
O alento do xenio abonda pra facela respectare.

Ista é a resposta que compre darlles ós malos galegos que din que se non debe cultival-a nosa lingüa, qu'eles mesmos recoñecen doce, pois abonda o castelán. ¡A lingüa dos cancioneiros, das cortes da Idade Médea, de Rosalia, de Curros, de Pondal, de Cabanillas... que é nai da que ven facendo universal a cultura portuguesa!

ECOS DO NOSO MOVIMENTO

## Portugal na Península Galiza - Catalunha - Portugal

No ultimo artigo que escrevemos sobre este assunto, tínhamos apenas o intuito de apresentar un facto concreto, e que dia a dia se vem verificando, a existencia, na Galiza e na Catalunha, duma forte corrente intelectual cheia de tendencias separatistas. Expuzemos a esmo uma enumeração de factos que nos autorizaban sem receo, anós e a toda a gente, a verificación de semelhantes tendencias. Tambem tínhamos em vista, dado o silencio da imprensa, levar ao coñecimento dos intelectuaes das duas provincias que no noso paiz se ouve e lê o que por lá se diz e escreve.

Realmente custava-me que nas ditas provincias se julgasse

que nem sequer do nosso conhecimento era a existencia duma tão importante corrente mental. Já não queria lembrar o grande interesse que para nós pode ter, hoje e no futuro, a boa aplicação—do que é apenas desejo dos nossos vizinhos. Temos a impressão de que as correntes moraes andam nas sociedades como as da agua nos terrenos. Ora a vida economica manda aproveitar estas e a vida politica as primeiras. E' tudo boa economia. Além de que fazemos parte da península e nunca nos poderemos eximir ás integrações nos maneira geral nós abranjam a todos.

Desde que me conheço, têm surgido variadas vezes na imprensa e na diplomacia a eterna questão delicada e embora todos os cuidados de quem atem tratado, apresentaram-na sempre duma maneira antipatica e desconfiada. Raras vezes se não descobre um interesse daninho ou uma aventura inconsciente. Com Madrid, nada, ou melhor, só aquilo que acostume haver desde tempos imemoriaes—longe vá a observação de Manuel Severim de Faria e os ultimos versos da «Miscelanea», de Garcia de Recende.

«Portuguezes, castelhanos

Não os quer Deus juntos vêr.»

Só ha um rio intransponivel—é um rio de sangue. Pois desde o meu conhecimento—só da sorte que eu apresentei no meu artigo a questão ibérica é que ela me agrada. Pra nós questão ibérica—é «pangaleguismo». Pra nós questão ibérica é «catalanismo». Estes non falan nunca de «União»—quando muito, surge a palabra «aliança». A questão ibérica tem assim o unico aspecto aceitavel, dei mesmo auxiliavel, da parte de portugal. Faz parte, o modo de expôr assim a questão, de assim a tratar e prouvera o Destino de a finalizar tambem, do modo geral unico de combater todos os imperialismos. E imperialismo é sempre o desejo de Castela. A obra de Bismarck rompeu-se num dia. Porque não reparar nas nossas preferencias externas de sorte a elevar o poder do nosso paiz contra todas as unificações da península? O pangaleguismo e o catalanismo são só os unicos aspectos de tornar viavel o problema ibérico para nós portuguezes. São ambos movimentos contrarios, por sua indole opostos a toda a ideia de fusão, por sua origem incapazes de todo o sonho unificador. O problema ibérico pode assim ser tomado por nós sem receio algum, porque ha uma razão de peso que nos convence: é que não existe sob este aspecto a sua gravidade. O Iberismo que fique com o simples terreno espiritual.

Escreverei ainda um artigo á tesoura para se vêr nas transições que farei a intensidade, a beleza, a consciencia e a carinhosa amizade pelo nosso paiz, dos dois movimentos que vimos estudando.

PINA DE MORAES.

(20 «Primeiro de Janeiro» do Porto)

## Ao Mariscal Pardo de Cela

Van agora os meus versos a tua cova  
Como unha voz amiga que te chama  
Dos siglos o través. Un pobo acramo  
En tí o defensor da vida nova.

Eres a Patria, o filo da tua espoda  
Foi deslumbrante lóstrego de gloria;  
Oxe teu nome dice d'unha historia  
De loita, d'heroismo, de Cruzada.

Teu brazo forte, tua alma rexa,  
Foron o fin vencidos pol-a Envexa  
Y-a treición en inicuo maridaxe  
Mais no reló do tempo a tua hora  
Volve a sonar. ¡Un pobo que te chora  
Vingaráte ao vingar o seu ultraxel

UBALDO LANDIN.

## A rexeonalización da Francia

Royo Vilanova, o baturro ridículo, fósil da política centralista, dixo fai pouco tempo, despois d'unha xeira pol-o «Midi» francés, que o rexionalismo na Francia era unha paparrucha, que ninguén ali pensaba en semellante cousa.

E agora resulta que o Goberno francés, acaba d'adoptar un proxecto de lei organizando as rexións admenistrativas, do que é autor o exsubsegretario da Presidencia do Consello M. Charles Reibel. ¿Qué decirán agora aquel parvo Vilanova e os necios que inda lle fan caso?

O exemplo da Francia é bô. Francia era o país mais centralista do mundo, cecais—agás Hespaña—o único eminentemente centralista.

Hespaña ficará agora sola no de ser Estado absurdamente centralizado. Mais como aquí, adóitase copiar todo o da Francia, tal vez axiña nos vexamos, porén, redmidos da tirania do Centro.

O Rexionalismo xa é doutrina de todo o mundo. Cando enantes considerábanno moitos perigoso. O nacionalismo ha de ocurrir o mesmo. Tempo é tempo...

## JULIO DANTAS

Éis o notabre literato e ilustre dramaturgo portuguez que figurou como ministro d'Instrucción e Belas Artes, no Goberno da República veciña.

Nós que temos a Julio Dantas por un dos mellores amigos, mais ainda que pol-o trato pessoal pol-o moito coñecemento das suas obras literarias e teatraes, recebemos a boa nova cheios de ledicia.

O que éle é, sabémolo abondo. A «Irmandade» da Cruña reperentou o seu drama «Mater Dolorosa» e «Rosas de todo o ano» que foron moito loubados e ten en ensaio «Sóror Mariana», modelo d'esquisitez entre as pezas dramáticas modernas, e admira con entusiasmo aquela traxedia «O reposteiro verde» que supera ás mellores obras do teatro castelao actual, o mesmo que «A ceia dos cardeaes».

Poucos son, endeben, os nacionalistas galegos que non teñen lido ainda os contos delicados e formosos do ilustre Julio Dantas, e as mais obras suas de xeito literario.

O nome do exministro d'Instrucción e Belas Artes, portuguez, ten entre a mocidade galega culta moitismos admiradores.

O ter sido porén, elevado ao alto cárrago a onde ergueronno seus méritos, déunos fonda ledicia. E por iso enviámoslle a nosa embora.

## Robustiano Faginas

Finou, deixando un fogar valdeiro, deixando unha triste viuda e unhos meniños orfos.

Robustiano Faginas, foi dos fundadores das «Irmandades», pertenceu ó consello primeiro da cruñesa. Figurou entr'os redactores de «A N O S A T E R R A» Hai formosas páxinas n'este boletín trazadas pol-a sua pruma. Galego, sempre galego enxebre, inda non moitos minutos enantes de ceibar o derradeiro layo, nos seus delirios pensaba na «Irmandade».

Como xornalista, o probe Robustiano era do mellor da Galizia. Como home do mais bô e honrado que nós temos coñecido. Un irmán, un exemplar irmán, dos que se atopan poucos.

A «Irmandade» da Cruña ergueu a bandeira galega a meia asta como testimoño de pésame pol-a sua morte. Tamén invitou a aos seus asociados, n'unha esquela en galego, ao enterro que foi inmensa manifestación de doo.

Durme na paz da terra nat, probe irmán o derradeiro sono. Nosco, non esqueceremos endexamais o teu enxebrisimo exemplar e patriótico. A nova Galizia lembrárate sempre.



## FOLLAS NOVAS

## Libros e Revistas

**De Portugal.**

O señor Orlando Marçal, ilustre abogado portugués e deputado da nación irmá, tivo a amabilidade de nos remitir o seu libro "Da Imputabilidade Criminal, sob os puntos de vista antropológico psicológico e social".

O señor Marçal autor xa de moitas obras de dereito e de literatura (prosa e verso), cas que todas esgotadas para á súa louba, n'este libro conque agora temos agasallado proba seu alto espírito humanitario.

"Da Imputabilidade Criminal" é volume moito estimado e notable, digno de aparecer en todas as boas bibliotecas. Na nosa, dende logo ten xa un posto d'honore.

Eu preparo áchanse outros dous libros do señor Marçal, "Debates Jurídicos" e a superstitión religiosa na "vida humana" que agardan con grande impaciencia caros coñecidos as altas dotes do seu privilexado talento.

Este ilustre escritor portugués sustenta téses interesantes. "O home—dice él—suxeito ás leis naturais é un bon e un casto, mas impulsado polas correntes conque a sociedade o axita é un criminoso. Sociedade e natureza chocábase, repélense, son infundavelmente antagónicas".

É tema tan profundo, desenvólvese con claridade luminosa. Moito e bon suxire o libro "Da Imputabilidade Criminal", no que hai ideas coincidentes coas do málegrado Dorado Monteiro.

Nosa embora ó señor Marçal a quen, ficamos moi obrigado.

\*\*\*

Temos recibido un novo volume da notable Antoloxía d'autores portugueses (que é o primeiro tomo dos consagrados ó ilustre Barros. Moito interesante, foi lido por numerosos irmáns nosos. Os volumes d'esta Antoloxía, honra da Biblioteca da "Irmandade", son agardadas por todos con fondo anseño. Nengún home culto debe deixar de mercalos. Fan unha bela sintonía da cultura portuguesa.

\*\*\*

Dous volumes, un nomeado "Terra Fecunda", outro "Caminho do mar" temos recibido polo envío que d'eles fixeron mercede o seu autor, un notable poeta: Vaz Passos.

O primeiro de "Libro do Sol, da Terra e da Vida" o califica aquel poeta. É isto e certamente. Hai nas suas páxinas cántigas d'unha fonda inspiración, que se lén con verdadeiro entusiasmo "Alma nova", poesía adicada a Orlando Marçal, resulta fermosísima. A "Oda de Portugal", d'un xeito solene f-erguelto, rezuma patriotismo sab e fonda. A "Sinfonía da Luz", parezmos d'un maxistral córido.

Vaz Passos, no libro de que vimos falando é o poeta de "toda hora". Pois canta c'unha inquietudé exquisita o mesmo o inverno que o vran, a primavera que o outono, o día e a noite, a terra, o ceo e o mar.

"Caminho do mar", poema que leva complementariamente un "Cántico á Patria" no derradeiro, ten tanto ou maior interese, que "Terra Fecunda".

Moito se ten cantado o mar na literatura portuguesa. Dende Camões, o xebio até os poetas d'agora, nengún poidéramos decir que deixara de lle render seu homenaxe ao líquido elemento. Quizais en ningures como no Portugal e na Inglaterra, lévasse feito no sentido literario tanto sobre o mar.

O país das gloriosas descobertas e o país do espreído finamento, ao reino de Neptuno, tenulle nas suas literaturas consagrado páxinas inequívocas. Elo proba, canto all, p'entabos pobos, o sentimento dos poetas e dos artistas vai a par coa verdade da terra e coas esenciais patrias. Ben decatado da misión histórica a cumprir. Contrasté coa Hespania castelá, sempre

de costas ó mar e polo mesmo sofrendo o castigo de se ver sen colonias.

Na Galiza comienza a haber cantores do mar, como na Cataluña e Vasconia.

Mas hoxe sementes cómprenos, o lle dá-las graças mais corteses ao insigne poeta Vaz Passos, noso amigo, logo de felicitalo n'unha embora que sai do fondo da alma, porque os seus fermosos e inspidisimos versos, fixéronnos sentir momentos de graça e exquisita emoción.

Tamén temos recibido o libro de sonetos "Alma" d'outro notable vate luso: Antonio Pereira Cardoso, moito amigo noso. D'él falaremos no próximo número.

**Da Patria.**

O señor Carré Aldao, acaba de publicar n'un simpático folleto unha escolma das mellores poesías de Francisco Añón, que pódese mercar en corenta céntimos.

O distinto académico, cunha erudición camíña panell, c'o grande amore que sente polas cousas da súa terra, pon un prólogo ao folleto de que falamos, no que debulla moitas verdades.

Compren, afellas, traballos d'escolma como que agora dou a venda o ilustre escritor. Noso testimoniámoslle aquí un parabén querendoso sembrado coo noso alaudo.

O segundo número da revista "Nós" d'Orens, é tan notable ou mais que o primeiro. Os artigos do texto son moi interesantes. Veleiqui o sumario: Coimbra, versos de Philéas Lebesgue; Teoría cuase trascendental de velocidade, de Antón Losada; O racionalismo musical galego, de Xaime Quintanilla; Portugal e Galizia; Terfe, poeta, de Lameiro; Práctica social, de Arturo Nogueiro; Archivo filolóxico e etnográfico de Galizia; Os homes, os feitos, as verbas; Castela en Orens; Joan Revel, as letras catalanas en Galizia, e as letras galegas en Cataluña; Libros, Revistas, Y un debuxo de Castela. Ninguha persoa intelixente da nosa Terra haberá de deixar de se suscribir a esta admirábel revista.

**De Francia.**

Recomendámos nosos irmáns a lectura da "Historia de Gallia" imprinteda en París, Hachette, en media dúzia de grandes volumes en 8.º (1909-1920). D'ela é autor Camille Jullian.

Os tres primeiros números falan da Gallia, independente até a conquista de César; os tres derradeiros da Gallia romana até o último canto do século III antes de J.C. Esta Hestoria é unha obra grandiosa. Espón nela o autor a súa hipótesis (por outros contradita) d'unha primitiva Gallia ligúrica. Considera aces celtas como parentes dos pobos germánicos, como a primeira das invasións d'estes. "E celtista, o's celtas está contra Roma e César" e ten saudades da independencia gálica. Na geografía lingüística atopa moitos mais elementos celtigos que o romanista clásico. Por todo o dito a obra é moi importante para nós, celtas galegos.

**D' Italia.**

O grande poeta nacionalista Armando Nazariantz, con adicaría fraternal mandounos un exemplar seu fermoso libro de versos "I sogni crocefissi", editado en Bari (Italia); traducido á decollingua do Dante por Enrico Cardina. Estes versos, d'unha grande modernidade e atregados do sentimento, indo non coñecidos en castelán, trémolos publicando nas nosas columnas. Algús xa os aprezaon os lectores.

Lea vostede o Boletín mensual da cultura gallega que dirixe Vicente Risco:

**NOS**

## Teatro Galego

O notabre coadro de declamación da "Irmandade da Fala" da Cruña que merez adicación honorífica n'un capítulo a facere da estoria do teatro galego, hoxe camiño do florecemento, que tantos loureiros leva conquistados, nos derradeiros do mes de Xaneiro tivo un novo truco: ó de restrenal—"O Fidalgo" no "Rosalia" da Cruña en funcións de sera e noite, co'a sala colmada de público, hasta s'esgotaron as localidades, véndose obrigado, pol-o mesmo, a repetilo n'unha nova función ó día seguinte.

Cando as obras se presentan ben, con toda propiedade, e as obras son boas, as xentes reponden con moita simpatía. Haxa, pois, teatro seleuto e intérpretes fieles d'él, e a nosa literatura escénica xurdirá sin dúbida.

O coadro de declamación da "Irmandade da Fala" da Cruña, reclama poriso o agarimo de todos; xa que cantos o compoñen achanse n'él por espírito de sacrificio, somentes para serviren unha causa patriótica.

Co'a presentación de "O Fidalgo" fixeron agora un alarde d'amore ó teatro galago, com'o tiñan feito xa cando estremo de "A mán de Santiña". Moita disciplina e moita propiedade.

Ademais deron ocasión para que o público poidese aplaudire a actores galegos verdadeiros, como Fernando Osorio, cando o "debut" do coadro, e como José S. Calvelo, rapaz santiagués admirabel n' "O Fidalgo".

Lastema que non xurda axiña o Mecenas capaz de soste unha escola de declamación galega, na que Osorio e Calvelo facerían miragres. Porqué si Osorio conquistou xa o primeiro premio de actor no Conservatorio de Lisboa, Calvelo chegaría sin dúbida a sel-o Borrás enxebre.

\*\*\*

Xa o coñecido pol-a prensa, o fallo do Xurado que xugou as obras teatraes no Concurso feito pol-a "Irmandade" de Betanzos.

Nós, por falla d'espacio hoxe, non podemos falar con mais longura do asunto.

Somentes deciremos que aquela "Irmandade" merez unha loubanza querendosa que nós l'adecemos con istas liñas.

### Historia dos movementos nazonalistas

## IRLANDA

### As leises agrarias

No decurso das guerras e das persecucións, os irlandeses foron privados da propiedade das suas terras.

No mesmo século XIX, como unha alongación da servidume medioeval, os labregos de Irlanda eran simples levadores da terra que traballaban. Tiñan que pagar aos «landlords» ingleses os tributos e os dezmos á Igrexa protestante, que non era a propia. Estaban expostos a cada instante, por calquera pequena cousa, a caer dentro d-unhas leises iníquas, que os tiraban das terras.

Desp'is de ter arruinada a industria irlandesa, Inglaterra arruinaba a agricultura, que era a unica fonte de riqueza d-aquel país. Este réximen daba motivo ás mais noxentas injustizas e produxo, como inevitabre consecuencia trágica, a venganza dos oprimidos. Os crimes agrarios, característicos da historia irlandesa, eran resposta desesperada d-un pobo asoballado e martirizado.

Impugnando a opinión dos ingleses irlandófobos que presentan a tendencia ao crime como unha cualidade propia do caracter irlan-

dés, di o estudo «Fifty points for Home Rule», publicado pol-o «Daily News»: «Os crimes agrarios irlandeses foron resultado inevitabre non d-unha dobre dosis de pecado original na natureza humana dos irlandeses, sinon d-un perverso sistema de goberno, que regouse a escoitar as reclamacions legais... Os crímenes agrarios son, pois, a resposta salvaje da natureza humana, oprimida e ultraxada até mais aló dos lindeiros do que pode resistir. As mesmas cousas teñan feito o mesmo en calquera país da Europa.

«Os crimes agrarios non poden ser considerados como actos anormales da política irlandesa, da mesma maneira que o lume derrumbador de cidades e o enforcamento de reis non son considerados como actos normales da política inglesa.»

O réximen da terra, trágico e inícuo, comenzo a torcarse en virtude d-unha lei de Gladstone (1869).

N'aquela lei había a primeira pequena mellora da triste situación dos labregos irlandeses. Dende euton sucederonse as leises agrarias a «Land acts» reparando a miudo unha das lacras iniquizas sociais. Inglaterra adicou un bon número milleiros de milleiros de libras esterlinas á expropiación das terras dos «landlords», pra devolverllas aos que as traballaban. A esta obra de reparación contribuíron por igual—hai que decilo—os conservadores e liberales ingleses. Unha das principais «Land acts» é debida a Mr. Balfour. O espírito de justiza venceu por fin n-esta cuestión. Mais é dudoso que tivera triunfado sin o movemento feniano, e por riba de todo, sin o movemento da «Land League», que deron ocasión as Poor Paddy, ao probe, ao miserabre, ao fanento labrego da Irlanda, a erguerse con valentía e facer tremar os seus tirans opresores.

Continuará

## Poemas sinxelos

### Paisaxe celeste

PRA O ADMIRABLE CARRACEDO

Catro estrelas. Ningunha mais.

Catro estrelas que tremelucen como pedras falsas.

Unha anduriña no ar morno.

Un stratu que parés feito de fume mesto e branco.

Ao fondo unha craridá roxa.

Tud'o ceo craro, limpo, sobre da miña testa.....

### O cego da ocarina

Na rua silenzosa, por onde non camiña ninguén, na rua silenzosa que nas noites de lua s'enche de lus crara, ó pe das torres da eirexa...

Ten a faciana barbada com'a d'un santo calquera.

Brillanll'as ágatas dos seus ollos inquedantes.

No silencio salouca e Iaia a sua ocarina, como si ela tivera alma

Deita isa emoción malencónica, aquela música, do que nos pid'unha smola.

A queixa da ocarina pon en nós unha tristura!

Si nós estamos predispostos á bondade, queremos bicar as barbas sagras do cego. Mas s'hai oitimismo en nós, com'aquela malenconia nos acusa, queremos desfacer na terra a sua ocarina máxica, ou camiñames de presa pra nos libertare do seu influxo...

CORREA-CALDERON.

Lea vostede,

# NOS

Bolelin mensual da cultura galega. Orgao da sociedade galega de publicaci3n «N3s»

DIREITOR: **Vicente Risco**

**Editase en Ourense**

Redaici3n e Administraci3n: **Padre Feij3o, 12**

## Abonamento

Doce n3meros, na Pen3nsua . . . . .	6 ptas.
» » Fora . . . . .	15 »
N3mero solto . . . . .	0'60 na Pen3nsua
<u>1'50 fora</u>	

### EFFECTOS NAVALES

— DE —

Ferrer y Compa3a-Sucesores  
**F. BERTRAN E MIRAMBELL**

Vigo e a Cru3a

Casa fundada en 1868

Artigos xeneraes pra equipo da Marina Militar, vapores, barcos de vela e pescadores.

### Gran H. Universal

Rua da Reina (da Ra3a) 21 - LUGO

O mais novo e millor

Ten carto de ba3o moderno. Disp3n de tel3fono (n3m. 116) e de coche da casa para todos os trens.

O Gran H. UNIVERSAL merece ser visitado

### Leutores:

Quen queira ter un traxe bo, xeitoso e que lle coste pouco di3eiro, que o faga na Xastrer3a de

Xos3 Varela da Costa

R3a do Circo, 16-VIGO

### LA SALUD

CASA DE BA3OS  
A MILLOR DA CRU3A

Avenida de Rubine, 22 (Riazor)

### FARMACIA EUROPEA

— DE —

**Lopez Abente**

— REAL, 55 —

A millor surtida da Cru3a e un dos establecimentos da súa crase que mais honran a Galicia. Montada con ar3rego os derradeiros adiantos.

### Materiales de construcci3n

CEMENTO ASLAND  
MADEIRAS — CARB3N  
CENTRO XENERAL DE SEGUROS

**Ignacio Pedregal**

NA CRU3A

# Lloyd Real Holand3s

ANSTERDAN

KONINKLIJKE HOLLANDSCHE LLOYD

Servicio r3pido por vapores correios desd'a  
Cru3a e Vigo cada tres semanas

#### L3nea de Am3rica do Sur

Vapor correo r3pido . . .	«LIMBURGIA»
Id. id. id. . . . .	«Brabantia»
Id. id. id. . . . .	«GELRIA»

#### L3nea de Cuba-M3jico e Nova Orleans

Vapor correo r3pido . . . . .	«HOLLANDIA»
Id. id. id. . . . .	«FRISIA»
Id. id. id. . . . .	«ZEELANDIA»

Admiten pasaxeiros de Primeira, Segunda, Intermedia e Terceira crase.  
As prazas te3en que solicit3rense con anticipaci3n.

Informar3 sobre precio de pasaxe e cabida

**D. Raimundo Molina e Couceiro, -Consignatario na Cru3a e Vigo**

# COMPAGNIE GENERALE TRASATLANTIQUE

Vapores Correos de gran velocidade  Servicios directos dende o porto da Cruña  
Próximas saídas pra Habana e Veracruz

**Prezos do pasaxe incluídos os impostos**

Primeira crase	}	Ponte de paseo: Camarotes de luxo . . .	Ptas.	2.053'75	2'138'75
		Id. id Camarotes exteriores . . .	"	1.668'75	1.753'45
		Id. superior: Id. id. . .	"	1.498'75	1.593'75
		Id. id. Id. interiores . . .	"	1.293'75	1.378'75
Ponte inferior . . . . .		"	1.295'75	1.378'75	
Segunda crase . . . . .		"	1.103'75	1.088'75	
Preferencia . . . . .		"	808'66	798'60	
TERCEIRA CRAS . . . . .		"	328'60	343'60	

O día fixo de saída anunciaráse oportunamente.

O pasaxeiro que desee embarcar ten de remitirle seguidamente o nome e mail-o importe do pasaxe, sen emprender viaxe hastra que teña a conformidade do Consinatario de que se lle reservou a praza. Os emigrantes e todol-os equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Pra toda crase de informes sóbor de datas de saída, prezos do pasaxe e tipos de flete, dirixirse o seu Consinatario.

**D. NICANDRO FARIÑA, Rua de Compostela, esquina a Praza de Lugo**

# COMPAÑÍA CHARGEURS REUNIS

Pra os portos de PERNAMBUCO, RIO JANEIRO, MONTEVIDEO e BOS AIRES, sairán directamente d'este porto os vapores de dobre hélice e 10.000 toneladas

**Prezo do billete en terceira crase, 537'10**

Admiten pasaxeiros de 1.<sup>a</sup>, 2.<sup>a</sup>, 2.<sup>a</sup> económica e 3.<sup>a</sup> crase.

Nenos menores de 2 anos, un gratis por familia; de 2 a 5 anos, coarto pasaxe; de 5 a 10 anos, medio pasaxe; maiores de 10 anos, pasaxe enteiro.

NOTAS INTERESANTES.—As mulleres que leven nenos que non chegan aos 10 anos, chamadas pol-os seus maridos, non poden embarcaren pra BOS AIRES si non presentan n'esta Agencia un certificado PRECISAMENTE DO DEPARTAMENTO DE EMIGRACION DE BOS AIRES, permitíndolles o embarcaren na REPUBLICA ARXENTINA. Non teñen valor algún as cartas de chamada, autorización nin poderes ante os Cónsules hespañoles.

As mulleres que se atopen n'estas condicións e non presenten NECESARIAMENTE dito certificado, non ooden embarcar. Tamén teñen que presentaren o mesmo certificado os emigrantes que teñan MAIS DE 60 ANOS e non vaian acompañados da súa familia.

O día da saída anunciaráse con oportunidade.

Os pasaxeiros teñen de presentarse n-esta Agencia cinco días antes da saída do vapor.

Pra informes dirixirse aos Axentes Xeneraes en Hespaña.

**ANTONIO CONDE (Fillos) Praza d'Ourense, 2--A CRUÑA**

# COMPAGNIE DE NAVIGATION SUD-ATLANTIQUE

Saída do porto da Cruña para Bahía, Rio de Xaneiro, Santos, Montevideo e Bos-Aires

O día de Febreiro sairá da Cruña o paquete correo

de 10.000 toneladas, admitindo carga e pasaxeiros.

	Pernambuco	Bahía	Rio Xaneiro	Santos	Montevideo	Bos Aires
En primeira crase. . . . . Ptas.	1.215'90		1.506'90	1.555'40	1.700'90	1.749'40
En segunda crase. . . . . »	894'95		967'70	991'95	1.064'70	1.113'25
En segunda intermedia. . . . . »	690'50		690'60	690'60	690'60	690'60

**Prezo do pasaxe en 3. crase a Brasil, Montevideo e Bos Aires (incruídos impostos), Pesetas 422'10**

Para máis informes dirixirse aos seus consinatarios:

**ANTONIO CONDE (Fillos) Praza d'Ourense, 2--A CRUÑA**